



A PREVENCIÓN de Riscos Laborais en Sanidade...



...é cousa de todos.

Medidas preventivas

Golpes e choques

Evita colocar os carros de material sanitario en lugares con pouco espazo de paso ou diante das portas das consultas e habitacións. Procura facelo xunto a paredes ou columnas afastadas das zonas de paso.

Inoculación percutánea, corte e/ou amputación

- Evita ou reduce o uso de material cortante ou punzante.
- Non deixes material cortante en calquera sitio. Emprega os útiles adecuados para a súa recollida.
- Deposita o material cortante en envases e colectores ríxidos apropiados e ben identificados.
- No caso de inoculación accidental de sangue ou doutro fluído infeccioso, comunícao ao teu superior para levar un seguimento e descartar un posíbel contaxio.

Salpicaduras

En caso de salpicaduras de sangue ou fluídos á pel e/ou mucosas, lávate inmediatamente e comunícao ao teu superior para descartar posibles contaxios.

Exposición a compostos citostáticos

Utiliza as vitrinas de seguridade biolóxica de clase II con fluxo de aire laminar. Limpa a vitrina antes e despois de usala.

Contacto con produtos químicos

Utiliza os produtos químicos segundo as recomendacións do fabricante, a etiqueta ou a ficha de datos de seguridade.